



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

D. Daniel Angel Lamas Bello, Secretario do Concello de Val do Dubra (A Coruña)

CERTIFICO

Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada en data 26 de novembro de 2020, adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

“4.- INFORMES DE SERVIZOS.

4.7.- Dáse conta do expediente relativo ó investimento de “MELLORA DO PAVIMENTO DO NÚCLEO DE ESTEBANDE E OUTROS”, e se informa que a obra ten un orzamento de 123.756,83 euros, e atópase subvencionada polo finánciase integramente con aportación da Deputación Provincial de Pontevedra dentro do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2019, por importe de 123.756,83 euros. Finalmente, se acompaña proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Pablo Blanco Ferreiro e aprobado por acordo do Pleno de data 17 de decembro de 2018.

Por Secretaría se informa que a obra se pretende adjudicar por procedemento aberto simplificado e existe consignación na partida 453.61900 do vixente orzamento de gastos para a súa execución.

Procedéndose á votación e unha vez comprobado o expediente, acórdase por unanimidade de todos os membros da Xunta de Goberno Local:

- 1.- Aprobar un gasto por importe de 123.756,83 euros con destino ó citado investimento, aplicando o mesmo á partida 453.61900 do vixente orzamento de gastos.
- 2.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, con varios criterios de adjudicación, e tramitación ordinaria, da obra consistente en “MELLORA DO PAVIMENTO DO NÚCLEO DE ESTEBANDE E OUTROS”, cun valor estimado de 102.278,37 euros e 21.478,46 euros en concepto de IVE, cun total de 123.756,83 euros, dispoñendo a publicación no perfil do contratante do anuncio licitación, cun prazo de presentación de ofertas de vinte días naturais a contar desde o seguinte o da inserción do correspondente anuncio de licitación, presentación que será en formato electrónico.
- 3.- A aprobación do pliego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a adjudicación e execución do contrato.””

Para que así conste, ós efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do Sr. Alcalde-Presidente, en Val do Dubra.

Vº e Prace
ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO

Asdo. José Manuel Varela Ferreiro

Asdo. Daniel Angel Lamas Bello

Val do Dubra, naturalmente